



SERVIZO TERRITORIAL DE AUGAS DE GALICIA

INFORMACIÓN PÚBLICA

ANUNCIO

María Sagrario Rodríguez Ares solicita de Augas de Galicia un caudal de 43,68 m³/ano de augas procedente dun pozo no lugar de Casal de Abaixo, parroquia de Grixalba (San Xiao), Concello de Sobrado, con destino a uso doméstico. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 109 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.A15.64280

As características do aproveitamento son:

SOLICITANTE:	María Sagrario Rodríguez Ares
CAUDAL:	0,04 litros/segundo
DESTINO:	doméstico
ORIXE:	pozo
LUGAR:	Casal de Abaixo
PARROQUIA:	Grixalba (San Xiao)
CONCELLO:	Sobrado

Descrición:

As augas cáptanse dun pozo de aros de formigón de 1,1 m de diámetro e 3 m de profundidade situado na parcela 15081A024009960000AU. Dende a captación parte unha conducción de PVC de 32 mm de diámetro soterrada unha profundidade de entre 70 e 100 cm, atravesando as parcelas 15081A024003520000AJ, 15081A024003510000AI, 15081A024003420000AM, 15081A024009990000AA, 15081A024009980000AW, 15081A024003390000AM, 15081A024003370000AT. A continuación a conducción atravesa un camiño e discorre pola súa marxe nuns 158 m, atravesando a continuación as parcelas 15081A024003320000AY e 15081A024006550000AP. Posteriormente atravesa outro camiño e discorre pola súa marxe en 18 m de lonxitude, atravesa posteriormente a parcela 000800500NH87A0001JQ e discorre a continuación por outro camiño nunha lonxitude de 91 m ata chegar á parcela 15081A024011790000AL, onde se sitúa o depósito de fibra de 1.000 l de capacidade, e á parcela 15081A024011780000AP onde se sitúa a vivenda que se abastece da captación.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días naturais** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Sobrado ou nas oficinas deste servizo, situadas na rúa de Vicente Ferrer 2, 9º, da Coruña, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

A Coruña, 05 de febreiro de 2021

O xefe do servizo territorial
(Asinado dixitalmente)
Néstor Rodríguez Arias



Xacobeo 2021

